

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 19 de abril do 2016

CONCELLEIROS ASISTENTES:

Yolanda Bouzas Alfonsín.
José Pedro Cambón Fernández.
José Luis Sampedro Bouzas.
Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.30 horas do día 19 de abril de 2016, reuníronse en primeira convocatoria os señores concelleiros membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 4 de abril de 2016.
- 2º.- Comunicacións previas (obra menor).
- 3º.- Licenza de obra menor.
- 4º.- Prezos públicos.
- 5º.-Rogos e preguntas.

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 4 DE ABRIL DE 2016.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 4 de abril de 2016.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓN PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JAIME CUÑA FEIJOO, con domicilio na Rúa da Estrada 71, 2ºB, Santiago de Compostela, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Lamiño 11, Brión:

- Cambiar a tella da cuberta da vivenda de 190 m² de superficie, substituíndo a tella existente por outra nova, sen incrementar o volume da cuberta.
- Pintar o exterior da vivenda de cor branca.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC2.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal e da resolución do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 12 de abril de 2016 (expediente núm. 399/16), por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE FAGIN RODRIGUEZ, con domicilio en Forxán 6, Viceso, na que comunica que vai pintar as catro fachadas da vivenda de Forxán 6, Viceso, de 200 m² en cor branca.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal e da resolución do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 31 de marzo de 2016 (expediente núm. 206/16), por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por FRANCISCO SANDA OROÑA, con domicilio en Forxán 13, Viceso, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda de

Forxán 13, Viceso, de 12 x 13 metros, substituíndo a tella existente por tella do país, sen incrementar o seu volume.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal e da resolución do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 31 de marzo de 2016 (expediente núm. 174/16), por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSEFINA FERNANDEZ GARCIA, con domicilio no Cabo 3, Os Ánxeles, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda do Cabo 5, Os Ánxeles, de 100 m², substituíndo a tella rota por tella nova.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal e da resolución do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 31 de marzo de 2016 (expediente núm. 249/16), por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE GONZALEZ VIDAL, con domicilio na Avd. Vicente Ramos 38, Os Ánxeles, na que comunica que vai pintar e reparar tres balcóns de ferro fundido en cor verde, na Avd. Vicente Ramos 38, Os Ánxeles.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo urbano (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JOSE PEREZ CASTIÑEIRAS, con domicilio na Avd. dos Ánxeles 34A, Os Ánxeles, na que solicita licenza de obra para abrir unha zanxa de 95 metros lineais, atravesando a estrada no seu punto final e para a colocación de tubos de abastecemento e de saneamento, en Guitiande, Os Ánxeles.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- Unha vez rematadas as obras achegarase o informe favorable da empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento (Espina e Delfín SL).

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

- Como garantía, impõse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 595,00 €, que deberá presentar no concello con anterioridade á expedición da licenza.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- PREZOS PÚBLICOS:

1.1. Prezo público pola asistencia ao campamento de verán do ano 2016.

Deuse conta dunha proposta de prezo público para a asistencia ao campamento de verán 2016, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá en sesión do 19.04.2016.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Fixar o prezo público pola asistencia ao campamento de verán 2016, de acordo coas seguintes tarifas:

- | | |
|--|-----------|
| - Prezo público primeiro irmán..... | 150,00 €. |
| - Prezo público segundo irmán..... | 75,00 €. |
| - Prezo público terceiro irmán e seguintes..... | 0,00 €. |
| - Os participantes deberán pagar 60 euros en concepto de reserva que non será obxecto de devolución no caso de que despois o interesado desista. | |

2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

1.2. Prezo público pola asistencia aos cursos de manipulador de alimentos.

Deuse conta dunha proposta de prezo público para a asistencia aos cursos de manipulador de alimentos, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá en sesión do 19.04.2016.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Fixar o prezo público pola asistencia aos cursos de manipulador de alimentos, de acordo coa seguinte tarifa:

- | | |
|---|----------|
| - Prezo público por alumno e curso..... | 25,00 €. |
|---|----------|

2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

1.3. Prezo público pola asistencia aos cursos de lingua de signos do ano 2016.

Deuse conta dunha proposta de prezo público para a asistencia aos cursos de lingua de signos do ano 2016, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá en sesión do 19.04.2016.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Fixar o prezo público pola asistencia aos cursos de lingua de signos do ano 2016, de acordo coa seguinte tarifa:

- | | |
|----------------------|--------------|
| - Prezo público..... | 30,00 €/mes. |
|----------------------|--------------|

2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

1.4. Prezo público pola asistencia á viaxe da mocidade a Punta Umbría (Huelva) do ano 2016.

Deuse conta dunha proposta de prezo público para a asistencia á viaxe da mocidade a Punta Umbría (Huelva) do ano 2016, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá en sesión do 19.04.2016.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Fixar o prezo público para a asistencia á viaxe da mocidade a Punta Umbría (Huelva) do ano 2016, de acordo coa seguinte tarifa:

- | | |
|---------------------------------------|-----------|
| - Prezo público por participante..... | 220,00 €. |
|---------------------------------------|-----------|

2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

1.5. Prezo público pola asistencia aos obradoiros de agricultura sostible e saúde do ano 2016.

Deuse conta dunha proposta de prezo público para a asistencia aos obradoiros de agricultura sostible e saúde do ano 2016, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá en sesión do 19.04.2016.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Fixar o prezo público para a asistencia aos obradoiros de agricultura sostenible e saúde do ano 2016, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público por participante.....15,00 €.
- 2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

1.6. Prezo público pola asistencia á actividade Brión de cabo a rabo do ano 2016.

Deuse conta dunha proposta de prezo público para a asistencia á actividade Brión de cabo a rabo do ano 2016, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá en sesión do 19.04.2016.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Fixar o prezo público para a asistencia á actividade Brión de cabo a rabo do ano 2016, de acordo coas seguintes tarifas:

- Prezo público persoa adulta.....25,00 €.
- Prezo público primeiro irmán.....25,00 €.
- Prezo público segundo irmán.....13,00 €.
- Prezo público terceiro irmán e seguintes.....0,00 €.

2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

1.7. Prezo público pola asistencia aos obradoiros de verán do ano 2016.

Deuse conta dunha proposta de prezo público para a asistencia aos obradoiros de verán do ano 2016, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá en sesión do 19.04.2016.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Fixar o prezo público para a asistencia aos obradoiros de verán do ano 2016, de acordo coas seguintes tarifas:

- Prezo público primeiro irmán.....25,00 €/semana.
- Prezo público segundo irmán.....13,00 €/semana.
- Prezo público terceiro irmán e seguintes.....0,00 €/semana.

2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

1.8. Prezo público pola asistencia á actividade de acampada e piragüismo do ano 2016.

Deuse conta dunha proposta de prezo público para a asistencia á actividade de acampada e piragüismo do ano 2016, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá en sesión do 19.04.2016.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Fixar o prezo público para a asistencia á actividade de acampada e piragüismo do ano 2016, de acordo coas seguintes tarifas:

- Prezo público persoa adulta.....10,00 €.
- Prezo público primeiro irmán.....10,00 €.
- Prezo público segundo irmán.....5,00 €
- Prezo público terceiro irmán e seguintes.....0,00 €.

2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

QUINTO.- ROGOS E PREGUNTAS. Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13.45 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

José Luis García García

O secretario

Javier Nieves González